



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE CRECENTE PARA A EXECUCIÓN DE MUROS, REPARACIÓN DE NOIROS E CANALIZACIÓNS NA PARROQUIA DO FREIXO.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director da Axencia Galega de Infraestructuras, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Infraestructuras ten previsto formalizar co Concello de Crecente o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31.12.2017

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento das condicións que rexerán a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestructuras e o Concello de Crecente para a execución de muros, reparación de noiros e canalizacións na parroquia do Freixo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A execución de determinados muros de contención de viais e noiros que supoñen unha inseguridade e un perigo xa que están caídos ou en risco de caer, así como da reposición da canalización e do firme do vial que dá acceso ao núcleo do Freixo.

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica, Plan MOVE, contempla como unha das súas liñas básicas a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas.

O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 ten como obxectivo estratéxico 2 a





consecución de vías de tránsito e mobilidade máis seguras.

A consideración de complementariedade, xunto coa necesidade dunha actuación en materia de accesibilidade e seguridade viaria, xustifican a concesión directa dunha subvención ao Concello de Crecente ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Galega de Infraestructuras.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 21 de febreiro de 2017.

